

Asociación para a Defensa Ecolóxica de GALIZA

Rolda Das Fontiñas, 180, entrechán. 27002 LUGO

Tlfn: 982 240299

www.adega.info

adegalugo@adega.info



ADEGA, co domicilio a efectos de notificación en Lugo, na Avenida das Fontiñas, 180 entrechán co código postal 27.002 actuando en nome propio e en representación de ADEGA :


EXPÓN:

Atopándose a exposición pública o expediente de autorización para a corta de 335 árbores (carballos e castiñeiros) na marxe esquerda do Rego do Convento no lugar de Arandedo en varias parcelas (635, 636, 644 e 645) do polígono 84 na parroquia de Constantín no concello de Baralla en Lugo, dende esta Asociación preséntanse as seguintes consideracións e alegacións:

1ª A Carballeira de Arandedo constitúe un dos valores ambientais destacados no concello de Baralla como se pode apreciar e a xeito de exemplo coas seguintes indicacións:

a) No plan xeral de urbanismo de Baralla (en tramitación) e a pesares das graves deficiencias que presenta e sinaladas nas alegacións presentadas por ADEGA (como a non caracterización do total dos cursos de auga) sinálase este espazo como **valor natural a protexer** (nº 8 no documento de Espazos Naturais aínda que non o considera, erroneamente, como figura de especial protección natural).

b) Actualmente polo lugar discorre xa unha rota sinalizada que constitúe en si mesmo un atractivo cultural e turístico para a zona.




c) A propia veciñanza valora como tal o valor do espazo destacándoo así nas alegacións presentadas contra o trazado da LAT O Corgo - Triascastela que atravesa hoxe en

este espazo (BOP nº 224 do 29 de setembro de 2011):

“D. XXX, como propietario da finca nº 321 (parcela 332, polígono 59) do Concello de Baralla, e D. XXXX, como propietario da finca nº 239 (parcela 156, polígono 58) do Concello de Baralla, presentan escritos de alegacións por separado, pero con idéntico contido, nos que solicitan a anulación do trámite de exposición pública, por terse fundamentado nunha lexislación derogada, que se rexeite o Estudo de Impacto Ambiental por ser completamente inadecuado para unha correcta avaliación do impacto ambiental, ao presentar unha soa alternativa de trazado, **polo que resultaría improcedente outorgar a autorización administrativa e aprobación do proxecto de execución da liña, xa que causaría graves danos ambientais na natureza, na paisaxe e no patrimonio cultural e etnográfico da zona, citando como exemplo a afección irreversible da liña ao Carballal de Ardedo.**”

d) Hai que lembrar que o Rego do Convento é afluente do Río Neira, espazo proposto no seu nacemento e na súa desembocadura para formar parte da Rede Natura 2000. Ademais vén dar a escasos centos de metros río arriba da área fluvial da vila de Baralla.

2º.- A zona de afectación ocupa unha superficie total calculada dunhas 7 hectáreas:



Como se pode apreciar a zona de afectación cubre unha superficie moi ampla en relación á totalidade da carballeira (e a pesares de que esta panorámica que se ofrece dende a Consellería de Medio Rural xa non reflicte o seu estado actual que a continuación sinalamos).

3º.- Debemos ter en conta ademais que **esta non sería a única afectación** que está a sofrer e, de feito, non se están a ter en conta, entre outras, as seguintes circunstancias:

a) Esta carballeira xa **foi afectada pola Liña de Alta Tensión O Corgo - Triacastela** xa que o seu ámbito de protección esixiu a corta dunha ampla zona atravesándoa de NL a SO:



b) Non se teñen en conta tampouco que fóra do espazo solicitado, na mesma masa arbórea, **xa se fixeron outras cortas en extensas zonas**, limítrofes coas obxecto de novo permiso de corta.



c) Noutras áreas da Carballeira de Arandedo as cortas foron efectuadas para inmediatamente levar a cabo **repoboacións de eucaliptos** e piñeiros o que, ademais de contravir a lexislación, provocou un agravamento da calidade ambiental do entorno que

se suma ás outras afectacións. É, pois, necesario, que dende a mesma Confederación Hidrográfica se leve a cabo un seguimento destas prácticas xa habituais e continuas e que levan consigo, entre outras, unhas consecuencias ambientais graves.



d) Non hai que deixar de sinalar que as pendentes neste lugar veñen sendo, con variacións, de arredor do 45 % polo que, se atendemos ao sinalado, a afectación ao solo, por chuvias torrenciais, que está sen protección ou por eliminación da pequena capa de humus no caso de plantacións de eucaliptos e posterior posibilidade de incendio, constitúe unha nova agresión.

4º.- **O propio informe da Xunta** dende a xefatura do Servizo de Conservación da Natureza dá unha serie de condicionantes para o outorgamento do permiso de corta:



a) Logo da corta as copas das árbores deben estar en contacto e respectarse o resto da vexetación da zona de servidume.

b) Para cumprir o criterio de persistencia das masas frondosas non se realizará a corta a feito, de xeito que dita corta non abra claros de importancia e que a fracción da cobertura de copas non diminúa en máis dun 30% da existente. En todo caso, a espesura logo da corta recoméndase que non sexa inferior ao 60%

c) A posible repoboación da vexetación será con árbores autóctonas de ribeira.

Nin que dicir ten que todo o sinalado veuse incumprindo na Carballeira de Arandedo. Só unha pequena visita á zona amosa ás claras o posible futuro desta Carballeira. Nada asegura que a partires de agora si se cumbran estas limitacións.

5º Hai que sinalar tamén que ante o número de árbores que se pretende cortar realmente sería difícil cumprir cuns criterios expostos pola Xunta que non tivo en conta para a súa elaboración a situación actual da Carballeira no seu conxunto.

Ante o exposto

SOLICÍTASE:

1º **Que se teñan en conta as afectacións e circunstancias sinaladas para a resolución final ante a solicitude de corta.**

2º **Que dende a Confederación Hidrográfica do Miño - Sil se faga un seguimento de cumprimento dos criterios incluídos nos permisos de corta así como dos permisos solicitados en parcelas continuas ao longo do tempo para detectar a extensión total realmente afectada e non resolver en función de cortas individuais, atendendo á afectación no seu conxunto do espazo en cuestión.**

3º **Denegar a actual solicitude por incompatible cos criterios de conservación destas, cada vez máis escasas, masas arbóreas indispensables para o mantemento da calidade do solo, das augas e do medio ambiente en xeral.**

En Lugo a 10 de xaneiro de 2014. ASDO:

ADEGA

CONFEDERACIÓN HIDROGRÁFICA MIÑO-SIL

COMISARÍA DE AUGAS

LUGO